

# Memoria

# 2014





## SOS RACISMO GALICIA

SOS RACISMO GALICIA é unha organización sen ánimo de lucro, independente, laica, multicultural e plural, que se enmarca dentro da Federación de Asociacións de SOS RACISMO do Estado Español.

### MISIÓN

*Movemento social antirracista que loita por conseguir un modelo social inclusivo, mestizo, intercultural e laico, onde toda a sociedade valore positivamente a riqueza social, económica e cultural que achega a diversidade, e onde todas as persoas poidan desenvolver a súa vida en igualdade de dereitos e oportunidades independentemente da súa raza, orixe, cultura ou relixión.*

### OBXECTIVOS


- Favorecer a integración sociolaboral do colectivo inmigrante residente en Galicia.
- Loitar contra calquera forma de discriminación por razón de cor de pel, de orixe, de cultura ou relixión para lograr unha sociedade xusta e libre de prexuízos e estereotipos.
- Difundir valores, actitudes e prácticas para que a poboación recoñeza, acepte e normalice o carácter pluricultural e multirracial da sociedade galega, e valore positivamente a riqueza socioeconómica que achega a diversidade e a interculturalidad.

### FEDERACIÓN SOS RACISMO

SOS Racismo Galicia pertence á Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado Español.

Actualmente SOS Racismo está presente en 13 comunidades autónomas, onde desenvolve o seu traballo dende hai máis de 20 anos. A nivel internacional, SOS Racismo ten presenza en diferentes países da UE, entre os que destaca o traballo de Francia ao longo dos últimos 30 anos.

As 13 entidades SOS Racismo traballamos conxuntamente en diferentes proxectos para lograr que a nosa actividade teña repercusión a nivel nacional.



## QUE FIXEMOS

A pesar de que SOS Racismo Galicia foi fundada en 1998, en Vigo, sufriu un amplo periodo de inactividade (2003-13). No ano 2013 retomou a súa actividade dende A Coruña de man dun equipo humano completamente renovado. A longo do ano 2014 realizáronse os seguintes proxectos:

**Oficina de Información e Denuncia (OID):** servizo de información e denuncia dirixido a aquelas persoas que fosen vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que provocasen agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades

**Servizo de atención e mediación (SAMI):** Ofrece recursos e canles de comunicación e entendemento entre persoas pertencentes a minorías étnicas e institucións públicas/privadas do ámbito social, laboral, económico, xurídico-administrativo, sanitario e educativo, a través das seguintes accións:

- Mediación intercultural
- Tradución e interpretación sociocultural e lingüística.

**Oficina de Asesoramento en Extranxeiría.** Asesoramento administrativo e xurídico en extranxeiría

**Proxecto "Testing e litixio estratéxico sobre discriminación no acceso a locais de ocio nocturno por parte da poboación inmigrante".** En colaboración coa Federación SOS Racismo.

**Informe anual sobre o racismo no estado español 2014.** En colaboración coa Federación SOS Racismo.

## TRABALLO EN REDE

A través da Federación de Asociacións de SOS Racismo pertencemos á **Rede Europea contra o Racismo (ENAR)**. Cada ano as organizacións membro da coordinación nacional da rede ENAR elaboramos o *Informe Sombra sobre a situación do racismo e a xenofobia en España*. Ao ser ENAR unha organización Paneuropea, esta información inclúese dentro dun informe sobre a situación do racismo e a xenofobia de toda Europa.

Así mesmo, a través da Federación pertencemos á organización euroafricana **Migreurope**. O obxectivo fundamental desta rede é dar a coñecer a xeneralización do encerro dos estranxeiros desprovistos de permiso de residencia e a multiplicación dos campos, dispositivo que fundamenta a política migratoria da Unión Europea.

Galicia